

INSTRUCCIÓN RELATIVAS Á DECLARACIÓN ANUAL DE POSESIÓN DE APARELLOS CON PCB/PCT

Quen debe presentar a memoria:

Os posuidores de aparellos que conteñan ou contiveran PCB sometidos a inventario, deben presentar anualmente, todos os anos ata o 2011 inclusive, unha declaración da posesión dos aparellos inventariados, indicando cales foron xa eliminados ou descontaminados dende a data de entrada en vigor do Real Decreto 1378/1999, así como unha previsión anual dos aparellos posuídos que serán sometidos a descontaminación ou eliminación.

Prazo de presentación:

- Ata o 1 de marzo de cada ano.

A quen se dirixe:

Por correo electrónico ao enderezo residuos.ma@xunta.es e asinada en formato papel a:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Servizo de Control da Xestión de Residuos
Rúa San Lázaro, s/n
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Onde se presenta:

- No Rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente ou rexistros das delegacións provinciais.
- Nos rexistros dos concellos, cando teñan subscrito o convenio de portelo único.
- Nas oficinas de correos (por correo certificado).

Normativa aplicable:

- Real decreto 228/2006, do 24 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1378/1999, de 27 de agosto, polo que se establecen medidas para a eliminación e xestión dos policlorobifenilos, policloroterfenilos e aparellos que os conteñan.
- Decreto 1378/1999, de 27 de agosto, polo que se establecen medidas para a eliminación e xestión dos policlorobifenilos, policloroterfenilos e aparellos que os conteñan.

Os posuidores deberán aportar na declaración anual a seguinte información:

- Lista de aparellos posuídos a 31 de decembro do ano ao que se refire a declaración.
- Lista de aparellos xestionados, descontaminados ou eliminados dende a entrada en vigor do R.D. 1378/1999.
- Quilos totais de aparellos que conteñen ou contiveron PCB, desglosado por grupos e por concentración.
- Cantidade total de aparellos posuídos.
- Cantidade total de aparellos eliminados ou descontaminados.
- Cantidade total prevista de aparellos a eliminar ou descontaminar.
- Lista de aparellos que podían conter PCB e que trala análise demostrouse que a súa concentración é igual ou superior a 50 ppm.
- Lista de aparellos que podían conter PCB e que se deron de baixa, xa que trala análise demostrouse que a súa concentración é inferior a 50 ppm.
- Lista de transformadores nos que a concentración de PCB reduciuse a valores comprendidos entre 50 e 500 ppm.
- Documentación xustificativa das operacións de xestión, descontaminación, eliminación, redución de fluídos, toma de mostras, análises e inspeccións de aparellos que conteñan ou poidan conter PCB.
 - Documentos de Control e Seguimento dos aparellos declarados e que foron entregados a un xestor autorizado, para a súa posterior eliminación ou descontaminación, durante o ano ao que se refire a declaración.
 - Certificados de Eliminación ou Destrución, a que fai referencia o apartado 6 do artigo 3 bis, dos aparellos declarados que foron definitivamente eliminados durante o ano ao que se refire a declaración.
 - Certificados de Descontaminación dos aparellos declarados que foron descontaminados para a súa posterior reutilización, emitidos polo xestor que realizou as operacións de descontaminación, así como as Actas ou Certificados de tomas de mostras e os Boletíns ou Informes de resultados da análise química nas que se acredite que a súa concentración en PCB mantívose por baixo de 50 ppm no ano seguinte a ditas operacións de descontaminación.
 - Certificados de Redución de PCB dos transformadores declarados que foron sometidos a operacións de redución da concentración de PCB a valores entre 50 e 500 ppm, emitidos polo xestor que realizou as



operacións, así como as Actas ou Certificados das tomas de mostras e os Informes ou Boletíns de resultados das análises químicos nas que se acredite que a súa concentración en PCB mantívose en valores comprendidos entre 50 e 500 ppm no ano seguinte a ditas operacións de redución.

- Actas ou Certificados de tomas de mostras e os Informes ou Boletíns de resultados das análises químicas dos aparellos que, sendo previamente inventariados como aparellos que poidan conter PCB, foron finalmente dados de baixa do inventario do posuidor durante o ano ao que se refire a declaración como consecuencia de que os resultados de ditos análises deron valores permanentes da concentración de PCB inferiores a 50 ppm.
- Actas ou Certificados de inspección ocular dos aparellos declarados, tanto das inspeccións preceptivas como das non preceptivas, nas que se avalíe o seu estado e o risco de posibles fugas.